PVP: 15 € (Visita comisionable).

Organiza: Turismo de Santiago

+ Info e Reservas:

Tel. (+34) 902 190 160, www.SantiagoTurismo.com
Acepta reserva on-line.

Audioguías MP3: a cidade fállache... ¡escóitaa!

Apto para todos os públicos. Todo o ano. Seis idiomas

A mellor maneira de descubrir a cidade: visita guiada á zona histórica a través dun cómodo sistema de audioguía dixital MP3 de sinxelo manexo que permite dosificar os tempos de visita libremente, ou repetila cantas veces se queira.

Idiomas: español, inglés, francés, alemán, italiano e portugués.

Lugar: o alugueiro (24 horas) e a devolución da audioguía MP3 realízanse na Oficina Central de Turismo de Santiago (Rúa do Vilar, 63).

PVP: 12 € (Visita comisionable).

Organiza: Turismo de Santiago

+ Info e Reservas:

Tel. (+34) 902 190 160,
www.SantiagoTurismo.com
Acepta reserva on-line.



Visitar Santiago

Tour Nocturno

!!!Inclúe queimada!!!

Idiomas español e inglés

Para descubrir paseando cun guía os principais atractivos de Santiago pola noite, fóra dos horarios turísticos habituais e co encanto adicional de ver a cidade iluminada, entrar nos silandeiros claustros do Hostal dos Reis Católicos e coñecer algunhas das zonas máis animadas da vida nocturna compostelá. A visita termina nun pub, coa degustación dunha popular 'queimada'.

Lugar de encontro: Oficina Central de Turismo de Santiago (Rúa do Vilar, 63)

Horario: Temporada alta 2011 (1 xun-31 out):

venres e sábados, 22.30 h Idioma: Español (inglés baixo petición, mínimo 15 pax). **Resto do ano:** consultar.

Duración: 2 h aprox.

PVP: 12 € (Visita comisionable).

Organiza: Turismo de Santiago

+ Info e Reservas: Tel. (+34) 902 190 160,

www.SantiagoTurismo.com

Acepta reserva on-line.



Visita guiada conventos de clausura

!!!Recomendada!!!

Idiomas español e inglés

Un percorrido guiado polos lugares da contemplación e do silencio. Santiago conta cun inxente patrimonio, entre o que destacan os conventos de clausura: lugares de oración, de vida austera e de paz, rodeados dun halo de misterio que se agocha detrás dos seus altos muros e celosías. Esta insólita visita guiada descubrira a súa historia, o seu patrimonio e as claves da súa vida diaria. Inclúe un interesante folleto con información detallada.

Itinerario: Convento de mercedarias (Tránsito da Mercé); Convento de dominicas (Belvis); horta do antigo Convento de dominicos (Bonaval), Convento de clarisas (Santa Clara).

Lugar de encontro: Oficina Central de Turismo de Santiago (Rúa do Vilar, 63).

Horario: T. alta 2011 (1 xun-31 out): xoves

(español) e sábados (inglés), 11 h **Resto do ano:** consultar.

Duración: 2 h 30 min aprox.

PVP: 10 € (Visita comisionable).

Organiza: Turismo de Santiago

+ Info e Reservas: Tel. (+34) 902 190 160,

www.SantiagoTurismo.com

Acepta reserva on-line.

*Nota: Debido á esencia da clausura, os espazos que se visitan son os espazos 'públicos' dos conventos, tales coma igrexas ou capelas conventuais, locutorios, porterías e tornos.

Visita guiada ás igrexas

!!!Recomendada!!!

Idiomas español e inglés

Santiago de Compostela conta coa sorprendente cantidade de 30 igrexas históricas. Foron construídas ao longo dos séculos polo propio Arcebispo, ou a iniciativa das moitas ordes relixiosas presentes na cidade, e tamén como mostra de devoción das confrarías e dos composteláns máis adinerados. O seu número e importancia dan conta do protagonismo de Santiago de Compostela coma un dos principais destinos relixiosos de Europa dende a Idade Media ata a actualidade.

Itinerario: igrexas de Santa Salomé (interior), Orfas, Universidade, San Fiz, Santo Agostiño, Santa María, San Domingos (interior), Ánimas (interior), San Miguel, San Martiño.

Lugar de encontro: Oficina Central de Turismo de Santiago (Rúa do Vilar, 63).

Horario: T. alta 2011 (1 xun-31 out): mércores (español) e venres (inglés), 11 h. **Resto do ano:** consultar.

Duración: 2 h aprox

PVP: 10 € (Visita comisionable).

Organiza: Turismo de Santiago

+ Info e Reservas: Tel. (+34) 902 190 160,

www.SantiagoTurismo.com

Acepta reserva on-line.



Visita guiada aos oficios tradicionais

Só para grupos, baixo petición
Idiomas español e inglés

Descubra o encanto dos nosos artesáns e dos oficios ancestrais de Compostela: coiro, pasamanería tradicional, pratería e acibeche...

Esta visita propón achegarse ao corazón e recunchos artísticos de Santiago para ver traballar en directo algúns dos artesáns que comparten a mesma inquietude: recuperar os oficios e materiais tradicionais da cultura galega e santiaguesa.

Itinerario: Taller de pratería – Rúa Nova (encaixes de Camariñas e cerámica de Sargadelos) - Rúa de Xelmírez (taller de pasamanería) - Taller de coiro - Rúa da Acibecheira (taller de acibeche).

Horario: Baixo petición para grupos.

Duración: 2 h.

PVP: 10 € (Visita comisionable).

Organiza: Turismo de Santiago

+ Info e Reservas: Tel. (+34) 902 190 160,

www.SantiagoTurismo.com

Visita guiada a talleres de artistas

Só para grupos, baixo petición

Idiomas español e inglés

Unha oportunidade para coñecer e interactuar cos creadores composteláns nos seus propios talleres. Recoñecidos artistas acollen aos visitantes nos seus propios estudos para expoñer e comentar o proceso de creación das súas obras. Ao longo do percorrido, o guía proporciona explicacións históricas relacionando o traballo creador cos distintos estilos artísticos presentes na cidade.

Horario: Baixo petición para grupos.

Duración: 2 h

PVP: 10 € (Visita comisionable).

Organiza: Turismo de Santiago

+ Info e Reservas: Tel. (+34) 902 190 160,

www.SantiagoTurismo.com



Visita guiada á arquitectura contemporánea

Só para grupos, baixo petición

Idiomas español e inglés

Siza, Eisenman, Kleihues, Hejduk, Portela, Nouvel... algúns dos mellores arquitectos do mundo teñen obras en Santiago de Compostela. Con esta visita guiada aprenderás a apreciar e gozar das novas tendencias da arquitectura contemporánea a través das obras de autores de sona internacional: espazos diáfanos, conxunción de tradición e modernidade, combinación de materiais, liñas puras, abstracción xeométrica, xogos de luz, suaves claroscuros, interiores fluídos... Inclúe publicación con información de todas as arquitecturas contemporáneas de Santiago.

Itinerario: CGAC e San Domingos de Bonaval, Avenida Xoán XXIII, Auditorio de Galicia, Facultade Ciencias Comunicación.

Horario: baixo petición para grupos.

Duración: 2 h 30 min aprox.

PVP: 10 € (Visita comisionable).

Organiza: Turismo de Santiago

+ Info e Reservas: Tel. (+34) 902 190 160,

www.SantiagoTurismo.com

Outras visitas guiadas

Tren Turístico * * * ■



O tren permite chegar con comodidade a zonas de interese máis aló da zona histórica, a través de barrios históricos populares e xardíns con arquitecturas de autor, e descubrir estupendas vistas panorámicas da zona monumental e da Catedral.

Idiomas: explicacións a bordo en español e inglés.

Saída: Praza do Obradoiro.

Horario: T. alta (Semana Santa – outubro):

Todos os días, saída cada hora de 11 a 20 h.

T. media: todos os días, saídas cada hora de 11-

13 h, 16-19 h. **T. baixa:** venres, sábados e domingos, saídas cada hora de 11-13 h, 16-18 h.

Duración: 1 h aprox.

Prezos: Adultos 5 €; Nenos de 0 a 3 anos gratis; Nenos de 4 a 12 anos 3 €.

Organiza: Turismo de Santiago

+ Info e Reservas:

Tel. (+34) 902 190 160, www.SantiagoTurismo.com



Visita guiada ao patrimonio histórico da Universidade 'Universidade Viva' * * * ■

A Universidade de Santiago é unha das máis antigas de España. Esta visita guiada polos espazos históricos universitarios máis significativos permite o repaso da historia e o patrimonio da institución dende a súa orixe na Idade Media ata a actualidade.

Itinerario: Pazo de Fonseca, Colexio de San Xerome, praza de Mazarelos (fachada da igrexa da Universidade, Colexio de Gramática, etc.); Facultade de Xeografía e Historia (paraninfo, biblioteca e terraza con vistas da zona monumental).

Idiomas: galego, español, inglés e portugués.

Outros idiomas baixo petición.

Lugar de encontro: Pazo de Fonseca (Rúa do Franco, s/n)

Horario: Out-maio: Luns a venres, 12 e 16:30 h.

Sábados, 12 h. Outros días e horarios a petición, mínimo 15 pax. .

Duración: 1h 30 min aprox.

Prezos: 7 €. Prezos especiais para grupos.

Organiza: Universidade de Santiago de Compostela

+ Info e Reservas: Tel. (+34) 902 190 160, www.SantiagoTurismo.com



Visita guiada á cidade histórica en español * * * ■

Un percorrido guiado a pé polo máis destacado dos monumentos, prazas e rúas da zona histórica Patrimonio da Humanidade, para coñecer o esencial de Santiago.

Itinerario aproximado: Fachada e Praza Praterías. Casa do Deán e Casa do Cabido. Colexio de Fonseca. Fachada e Praza do Obradoiro. Colexio de San Xerome. Hostal-Parador dos Reis Católicos. Fachada e Praza Acibecharía. Casa da Troia. Mosteiro de San Paio de Antealtares. Praza Quintana. Catedral (interior).

Lugar de encontro: Praza das Praterías

Horario: 16 outubro-31 marzo, 12 h 1 abril-15 outubro, 12 h e 18 h

Duración: 2 h aprox.

Prezos: 10 €

Organiza: Asociación de Guías Turísticas Profesionais de Galicia

+ Info e Reservas: Individuais: Tel. (+34) 981 569 890. Grupos: (+34) 902 190 160, www.SantiagoTurismo.com



Visita guiada ás cubertas da Catedral * * * ■

Visita comentada ás cubertas de pedra da catedral para descubrir a historia da basílica e da formación da cidade, con estupendas vistas panorámicas de Santiago e os seus arredores.

Idiomas: español; visitas en inglés previa solicitude.

Lugar: Pazo de Xelmírez (Praza do Obradoiro).

Horario: Todos os días, 10-14 h, 16-20 h. Saídas cada hora.

Duración: 1 h

Prezos: 10 € xeral; 8 € terceira idade, estudantes e peregrinos.

Organiza: Catedral de Santiago

+ Info e Reservas: Tel. (+34) 981 552 985 cubiertascatedral@archicompostela.org
No comisionable.



Itinerarios libres

Para realizar por libre, sen acompañamento dun guía, Santiago ten rutas para todos os pés: a imprescindible (Ruta Monumental), a especial para descubridores e fotógrafos (Ruta Panorámica), a inusual (Ruta polos Conventos de Clausura), a mística (Ruta polas igrexas), a verde (Ruta polos Parques e Xardíns)... Información detallada de todos os itinerarios en www.SantiagoTurismo.com.



Santiago é grande

é Patrimonio da Humanidade,
é Camiño, é Galiza, é Catedral, é
Universidade, é cultura, é de cine,
é arquitectura, é verde, é
gastronomía, é vida urbana, é
hospitalidade, é moda, é cidade de
congresos, é Compostela.

Museos, salas de exposicións e galerías de arte

Museos para todos os gustos, grandes salas de exposicións en espazos monumentais e pequenas galerías de arte, a maioría na zona histórica... o escaparate cultural de Santiago está repleto de suxestións.

Entre os 13 museos da cidade, ademais dos seis relacionados coa relixión, hai dous de arte de vangarda, dous etnográficos, dous científicos (un médico e outro de ciencias naturais), un dedicado ao mundo da educación, e outro relacionado co Santiago do século XIX e as lendas estudantis. Ademais de coleccións permanentes e exposicións temporais, algúns programan interesantes actividades complementarias, coma o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), a Fundación Granell, o Museo das Peregrinacións e o Museo do Pobo Galego. Varios teñen tenda e o CGAC tamén cafetería-restaurante.

Museos ...	45
Exposicións permanentes ...	47
Principais salas de exposicións temporais ...	47
Galerías de arte ...	47

Máis información, incluído o calendario actualizado coas mellores exposicións temporais, en SantiagoTurismo.com.

Museos

*Os horarios poden variar: consultar www.SantiagoTurismo.com

Museo da Catedral !!!Imprescindible!!!

Inclúe diferentes e moi variados espazos que permiten un completísimo percorrido pola historia da Catedral: Capela das Reliquias e Panteón Real, Tesouro, claustro, salas con pezas arqueolóxicas da catedral, cripta do Pórtico da Gloria, coro pétreo e biblioteca, na que se expón o botafumeiro. Tenda.

Lugar: Praza do Obradoiro d2

Horario: 1 xuño-30 setembro: 10-14 h, 16-20 h.
Domingos e festivos: 10-14 h.

1 outubro-31 maio: 10-13.30 h, 16-18.30 h.

Domingos e festivos: 10-13.30 h.

Pechado 1 e 6 de xaneiro, 25 de xullo, 15 de agosto, 25 de decembro.

Prezo: 5 €; maiores 65, peregrinos, estudantes e grupos, 3 €; escolares, 1 €; menores 12 anos gratis.

+ Info e Reservas: Museo da Catedral, tel: (+34) 981 569 327, www.catedraldesantiago.es



Museo do Pobo Galego !!!Recomendado!!!

É o museo etnográfico de Galicia, con salas dedicadas ao campo, ao mar, aos oficios tradicionais, á arquitectura popular, etc. e interesantes exposicións temporais. Ademais, o museo alóxase nun antigo convento dominico fundado no século XIII no que se poden visitar a interesante igrexa gótica, na que está o Panteón de Galegos Ilustres, o claustro e a impresionante tripla escaleira espiral barroca. Visitas guiadas gratuítas en español e inglés (consultar horarios) e departamento pedagóxico con actividades para nenos. Tenda.

Lugar: Convento de San Domingos de Bonaval.
San Domingos de Bonaval, s/n e3

Horario: Mar-sáb: 10-14 h, 16-20 h; dom e festivos: 11-13 h Luns pechado.

+ Info e Reservas: Museo do Pobo Galego, tel: (+34) 981 583 620, www.museodopobo.es



Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) !!!Imprescindible!!!

Deseñado polo portugués Álvaro Siza, premio Pritzker de arquitectura, recolle as ultimísimas tendencias da arte contemporánea. Visitas guiadas gratuítas e interesantes actividades complementarias, tamén para familias. Cafetería-restaurante e tenda.

Lugar: Ramón del Valle-Inclán, s/n e3

Horario: Inverno: Mar-dom, 11-20 h. Lun: pechado. Verán: Mar-dom, 12-21 h. Lun: pechado

Entrada gratuíta

+ Info e Reservas: CGAC, tel: (+34) 981 546 619, www.cgac.org



Museo das Peregrinacións !!!Recomendado!!!

Pinturas, esculturas, libros de viaxe, indumentaria, maquetas, etc. que amosan a transcendencia mundial do fenómeno das peregrinacións e en particular do culto a Santiago, ademais de relevantes exposicións itinerantes.

Lugar: San Miguel dos Agros, 4 e2

Horario: Mar-ven: 10-20 h. Sáb: 10.30-13.30 h, 17-20 h; Dom: 10.30-13.30 h. Luns pechado.

Entrada gratuíta

+ Info e Reservas: Museo das Peregrinacións, tel: (+34) 981 581 558, www.mdpergrinacions.com



Visitar Santiago

Museo-Fundación Eugenio Granell

Entre os seus fondos, ademais das obras do propio Eugenio Granell, destacan as dos seus amigos surrealistas: Philip West, Mário Cesarine, Cruzeiro Seixas, Vlade Serge, Max Ernst, Marcel Duchamp, Man Ray, Wifredo Lam, Joan Miró, Pablo Picasso... Ademais organiza exposicións temporais, visitas didácticas e interesantes actividades complementarias.

Lugar: Praza do Toural, s/n d3

Horario: Mar-sáb: 11-21 h; dom: 11-14 h. Luns e festivos pechado.

Prezo: 2 €; estudantes, 1 €; xubilados e menores 15, gratis.

+ Info e Reservas: Museo-Fundación Eugenio Granell, tel: (+34) 981 572 124, www.fundacion-granell.org



Museo de Arte Sacra

Ademais do primitivo altar (s. I) que se atopou sobre o sepulcro do apóstolo Santiago nas escavacións, expón o legado do Mosteiro de San Paio, o primeiro en instalarse na cidade no século IX, e colección de pintura, escultura e ourivaría.

Lugar: Mosteiro San Paio de Antealtares. Vía Sacra, 5 (entrada pola igrexa). d2

Horario: Lun-sáb: 10.30-13.30 h, 16-19 h; dom e festivos pechado. Pechado de decembro a marzo.

Prezo: 1,50 €; grupos 1 €.

+ Info e Reservas: Mosteiro San Paio de Antealtares, tel: (+34) 583 127 / (+34) 981 560 623



Museo de San Martiño Pinario

!!!Recomendado!!!

Composto por 12 salas e situado nas antigas dependencias do que foi o máis influente mosteiro beneditino de Galicia e o segundo máis grande de España tralo Escorial. Pintura, escultura, ourivaría, imprenta monacal, vestiduras, restos arqueolóxicos, fondos bibliográficos, dúas boticas, e fondos dos antigos gabinetes de historia natural, completan este variado percorrido pola antiga morada dos monxes, na que destaca o conxunto único de imaxinaría barroca e arquitectura da súa igrexa, e os cadeirados do coro do mosteiro e da catedral (expostos no coro alto).

Lugar: Praza de San Martiño Pinario, s/n. e2

Horario: 1 outubro - 15 xuño: lun-dom, 11-13.30 h, 16-18.30 h. 15 xuño-1 xullo: lun-dom, 11-13.30 h, 16-19 h. 1 xullo-30 set: lun-dom, 11-19 h.

Prezo: 2,50 €; estudantes, grupos e maiores 65 1,50 €.

+ Info e Reservas: Museo de San Martiño Pinario, tel: (+34) 981 583 008, www.museosanmartinpinario.com



Museo de Terra Santa

Un dos claustros do convento alberga esta exposición permanente de pezas de distintas épocas traídas polos franciscanos de Terra Santa, que permiten coñecer a cultura material de Oriente Próximo e tenden unha ponte cultural entre Santiago e Xerusalén.

Lugar: Convento de S. Francisco. e2

Horario: Aberto todo o ano. Mar-dom: 10.30-13.30 h, 16-19 h. Luns pechado.

+ Info e Reservas: Convento de S. Francisco, tel: (+34) 981 581 600



Museo da Colexiata do Sar

!!!Recomendado!!!

Pezas de valor histórico e documental, ourivaría, obxectos litúrxicos e restos arqueolóxicos do antigo claustro románico co atractivo engadido da visita á sorprendente igrexa do s. XII, situada á beira do río no pintoresco barrio popular de Sar.

Lugar: Colexiata de Santa María A Real do Sar. Sar, s/n c5

Horario: Lun-sáb: 10-13 h, 16-19 h. Dom: 9-13.30 h, (só igrexa).

Prezo: 1 €.

+ Info e Reservas: Colexiata de Sar, tel: (+34) 981 562 891



Outros museos

Museo de Historia Natural Luís Iglesias

Máis de 25.000 exemplares de fauna, flora e minerais, algúns conservados dende o século XIX, compoñen este escaparate do mundo natural.

Lugar: Facultade de Química. Avenida das Ciencias, s/n (Campus Sur) c2

Proximamente nova sede (ver páx. 47).

Horario: Lun-ven: 10-13 h, 17-19 h. Agosto: pechado.

Entrada gratuita

+ Info e Reservas: Museo de Historia Natural (Universidade de Santiago de Compostela), tel: (+34) 981 563 000, www.usc.es/museohn



Casa da Troia

Recrea o ambiente dunha típica pensión de estudantes burgueses do século XIX, que o escritor Pérez Lugín retratou na súa novela A Casa da Troia, famosa en toda España. Inclúe unha exposición sobre a tuna universitaria compostelá, recoñecida por moitos coma a máis antiga de Europa.

Lugar: Rúa da Troia, s/n e2

Horario: Mar-sab: 11-14 h, 16-20 h. Dom: 11-14 h. Luns pechado.

Prezo: 2 €; estudantes 1 €.

+ Info e Reservas: Casa-Museo da Troia, tel: (+34) 981 585 159



Colección de Anestesiología

Museo dedicado á evolución da medicina en Santiago e Galicia, a través da exposición de instrumental antigo (sobre todo de anestesiología e reanimación) e gravados.

Lugar: Facultade de Medicina. e2

Horario: Lun-ven: 9-15 h. Pechado xullo e agosto.

Entrada gratuita

+ Info e Reservas: Colexio Médico, tel: (+34) 981 595 562

Museo Pedagógico de Galicia (MUPEGA)

Exposición permanente sobre a historia da educación en Galicia.

Lugar: Rúa de San Lázaro, 107 h5

Horario: Mar-sáb: 10-14 h, 16-20 h. Dom, lun e festivos pechado.

Entrada gratuita

+ Info e Reservas: MUPEGA, tel: (+34) 981 540 155, www.edu.xunta.es/mupega

Museo de Antropoloxía e Etnografía Sotelo Blanco

Mostra o modo de vida dos campesiños, en concreto o da Galicia interior, a través dos seus utensilios tradicionais.

Lugar: San Marcos, 77

Horario: Lun-ven: 9-14 h. Agosto pechado.

Entrada gratuita

+ Info e Reservas: Fundación Sotelo Blanco, tel: (+34) 981 582 571, www.fundacionsoteloblanco.org

Exposicións permanentes

'Peter Eisenman. A Cidade'.

Unha mostra permanente que, a modo de centro de interpretación, permite 'ler' a arquitectura da Cidade da Cultura e seguir as liñas que organizan o conxunto.

Lugar: Cidade da Cultura de Galicia. e5

Horario: Todos os días, 10-14,16-20 h.

Entrada gratuíta

+ **Info:** www.cidadedacultura.org



Outras exposicións permanentes

Pavillón de Galicia

Exposición permanente 'Presenzas e esencia dunha cultura' sobre as tradicións galegas.

Lugar: Pavillón de Galicia. San Lázaro, s/n h5

Horario: Lun-dom: 10-20 h.

Entrada gratuíta

+ **Info e Reservas:** Pavillón de Galicia, tel: (+34) 981 557 359

Tenda-Museo do Acibeche

Repasa a tradición do acibeche en Santiago, a orixe deste mineral fósil e a súa utilización como amuleto polas súas propiedades curativas e máxicas. Pezas de grande valor de mestres acibecheiros composteláns.

Lugar: Praza de Cervantes, 12, e2

Horario: 11-14 h, 16.30-20 h Dom. 11-14 h.

Mar: pechado.

Entrada gratuíta

+ **Info e Reservas:** Tenda-Museo do Acibeche, tel: (+34) 981 552 807

Principais salas de exposicións temporais

A maioría das salas de exposicións de Santiago atópanse na cidade histórica, moitas delas en espazos de interese monumental e mesmo en magníficas igrexas desacralizadas.

Auditorio de Galicia



Colexio de Fonseca

Sala de interese monumental

Igrexa da Universidade

Sala de interese monumental

Igrexa San Domingos de Bonaval

Sala de interese monumental

Fundación Caixa Galicia

Fundación Torrente Ballester

Fundación Caixanova

Casa da Parra

Colexio de Arquitectos de Galicia

Hostal dos Reis Católicos

Sala de interese monumental

Sala Fundación Aragnaney

Toda a información sobre as principais salas de exposición en www.SantiagoTurismo.com

Galerías de arte

As galerías de Santiago teñen un atractivo especial: moitas delas están situadas en edificios históricos, e iso supón unha ocasión única para coñecer interesantes espazos interiores.

Auriol Arte

Citania

Durán

Eme-C

Espacio 48

Factoría Compostela

Galyarte

José Lorenzo I-II

Metro Arte Contemporáneo

Noroeste

Paloma Pintos

Sabor a Menta

Sargadelos

SCQ

Sol & Bartolomé

Trinta

Zona 'C'



Toda a información sobre Galerías de Arte en www.SantiagoTurismo.com



!!!Próxima apertura!!!

Museo da Cidade e das Peregrinacións

No lado sur da catedral, nun edificio reformado por Gallego Jorreto, o museo da cidade disporá de 2.500 metros cadrados de exposición de valiosos fondos históricos que se completarán coa apertura da Casa do Cabido desta mesma praza como centro de interpretación, e coa Casa Gótica (actual Museo das Peregrinacións).

Lugar: Praza das Praterías. d2

Novo Museo de Historia Natural

No 2011 o Museo de Historia Natural Luis Iglesias (páx. 46) da Universidade de Santiago estreará sede propia, pasando dos sótanos da Facultade de Químicas ao parque de Vista Alegre. O edificio deseñado por César Portela prevé 4.200 metros cadrados de exposición dedicados á zooloxía, botánica e xeoloxía. Este primeiro museo de Historia Natural de Galicia completará a dotación cultural do parque, onde se atopan a Casa de Europa, a SGAE e a Escola de Altos Estudos Musicais.

Lugar: Parque de Vista Alegre. e1

Itinerario polos espazos de arte contemporánea

Os entusiastas da arte contemporánea teñen un itinerario recomendado no web SantiagoTurismo.com.

Visitar Santiago

Espectáculos

A oferta cultural e de lecer de Compostela resulta admirable para unha cidade das súas dimensións. Por iso recoméndase gardar enerxías para experimentar Santiago despois do solpor. Dende unha abafadora oferta de música clásica, ata teatros con representacións en español, galego e portugués, pasando por monicreques, salas alternativas coas últimas tendencias escénicas, grandes salas de concertos e pequenos pubs con actuacións en vivo... estes son os principais espazos de música, artes escénicas e cine de Santiago.

Toda a programación cultural e de lecer en SantiagoTurismo.com

Música

Auditorio de Galicia

Destaca a súa programación de música clásica, todos os xoves ás 21 h, con concertos da Real Filharmonía de Galicia, que ten a súa sede no propio Auditorio, e doutras grandes orquestras invitadas. Ademais, en días e horarios variables, ópera, espectáculos de danza, teatro, etc. As súas exposicións temporais figuran entre as mellores da cidade.

Avda. do Burgo das Nacións, s/n

Tel: (+34) 981 552 290

www.auditoriodegalicia.org



Sala Capitol

Considerada entre as mellores de España, esta sala ten unha sorprendente e variada programación semanal que recolle as últimas tendencias internacionais do pop, o rock, a música actual, de autor, etc.

Concepción Arenal, 5

Tel: (+34) 981 574 399

www.salacapitol.com

Multiusos Fontes do Sar

Grande espazo multifuncional con propostas diversas: dende concertos e espectáculos de gran formato, ata eventos deportivos, infantís, actividades lúdicas, etc.

Sar, s/n

Tel: (+34) 981 568 160

www.multiusos.net

Jazz Club Dadó-Dadá

Un clásico no que sempre hai jazz. Jam sessions os martes e xoves ás 23.30 h e según programación, tamén música clásica, folk, canción de autor, maxia, teatro, contacontos...

Alfredo Brañas, 19

Tel: (+34) 981 591 574

www.dado-dada.com

Asociación Cultural Cidade Vella

Agrupa a maioría dos pubs da zona histórica, nos que programan actuacións diversas: concertos, jam sessions, contacontos, jazz, teatro, etc. Algúns dos pubs con maior oferta de actuacións en vivo e con destacada presenza do folk son: Casa das Crechas, Borriquita de Belém, Modus Vivendi, A Reixa, etc.

(ver páx. 63)

Artes escénicas

Teatro Principal

Destaca pola súa programación continua de teatro (en galego e en español). Ademais, concertos e outros espectáculos. E cada domingo de outubro a maio, ás 12 h, o tradicional concerto da Banda Municipal de Música.

Rúa Nova, 22

Tel: (+34) 981 542 347

www.santiagodecompostela.org



Salón Teatro

Sede do Centro Dramático Galego, a compañía de teatro de Galicia, é o escenario de todas as súas producións e doutros grupos galegos e portugueses. E tamén de ciclos de cine, danza, música e outros.

Rúa Nova, 34

Tel: (+34) 981 581 111

www.centrodramatico.org/cdg/salonteatro

Arteria Noroeste

Iniciativa do SGAE inaugurada en marzo de 2008 e ubicada nun espectacular espazo deseñado por Antón G. Abril, conta cunha nutrida programación de artes escénicas, musicais e audiovisuais. Ciclos infantís de fin de semana, con teatro de monicreques e cinema.

Rúa das Salvadas, 24

Tel: (+34) 981 569 082

www.arteria.com/santiago

Sala Santart

Inaugurada a finais de 2008, a sala conta cunha compañía de teatro e escola propias.

Programación infantil e teatro independente as fins de semana.

Ruela de Brión, 5

Tel: (+34) 981 592 665

www.salasantart.com



Sala Nasa

Sala alternativa que fomenta a produción e a exhibición de novas formas de espectáculo, en especial de novos creadores: teatro, cabaré, música (galega, blues, flamenco, rock), performances... Pecha: agosto.

San Lourenzo, 51-53 B

Tel: (+34) 981 573 998

www.salanasa.com

Cines

Multicines Valle Inclán

6 salas. Día do espectador: mércores.

Fernando III o Santo, 12

Tel: (+34) 981 597 088

Multicines Compostela

6 salas. Día do espectador: mércores.

Rúa Ramón Piñeiro, 2

Tel: (+34) 615 279 987

www.multicinescompostela.com

Multicines Área Central (Cinesa)

7 salas. Día do espectador: mércores.

Centro Comercial Área Central – As Fontiñas

Tel: (+34) 981 56 04 28 / reservas 24 h: (+34) 902 33 32 31

E tamén outras entidades, que programan habitualmente ciclos de cine temático e de autor: CGAC, Teatro Principal, Fundación Caixa Galicia, Fundación Aragonay, etc.

Axenda Cultural

O calendario de Santiago está cheo de eventos para todos os gustos e todas as idades. Este é un resumo das citas anuais máis destacadas de Santiago: festivais, festas, exposicións e principais acontecementos que non se poden pasar por alto.

Durante todo o ano... 49
Principais eventos mes a mes... 50

Máis información: axenda cultural en liña do web SantiagoTurismo.com ou folleto mensual Culturall, dispoñíbel en oficinas de turismo, hoteis e bares.

Durante todo o ano...

Real Filharmonía de Galicia

Todos os xoves, de outubro a xuño. Programa continuo de música clásica a cargo da Real Filharmonía de Galicia e de orquestras invitadas. Auditorio de Galicia.

'Sons da Diversidade'

É unha programación variada e aberta na que conflúen culturas, xeografías, xéneros e estilos diversos. Unha mostra das músicas do mundo, sons que nos fan viaxar. Un concerto cada mes. Auditorio de Galicia.

Teatro

Todo o ano nos dous principais teatros da cidade histórica: Teatro Principal e Salón Teatro. Inclúe ciclos temáticos, teatro producido en Galicia e funcións en xira.

Danza moderna

Programación estable de danza moderna, incluídas as producións do Centro Coreográfico Galego (Salón Teatro), o ciclo SCQ Danza (Teatro Principal, de febreiro a outubro) e Teatro e Danza en Xira (Auditorio de Galicia e Teatro Principal, de febreiro a outubro).

Música contemporánea

Durante todo o ano concertos de música contemporánea. Salón Teatro, Sala Capitol, Sala Nasa e Multiusos do Sar.

Banda Municipal de Música

Toca cada domingo -12 h- no Teatro Principal. De xuñ. a set. tamén os xoves (20 h) na Rúa do Vilar. As bandas son agrupacións musicais tradicionais de vento e percusión.

Ciclos de cine

Durante todo o ano organízanse ciclos de cine temático e de autor en versión orixinal. Teatro Principal, Fundación Caixa Galicia, Fonoteca da Universidade, Arteria Noroeste, CGAC, etc.

Tuna Universitaria

Agrupación típica universitaria que une música e esmorga. A de Santiago é a máis antiga de todas as tunas de España. As noites de verán rolda polas rúas da zona histórica -no inverno só xoves, venres e sábado-. Rúas e prazas da zona monumental.

2011 800 anos da consagración da Catedral

Santiago de Compostela celebra os 800 anos da consagración da súa Catedral. Para lembrar aquel 21 de abril de 1211 no que o rei de León Alfonso IX inauguraba a gran basílica románica, o Consorcio de Santiago organiza dúas exposicións -unha sobre a Catedral e outra sobre a Compostela medieval- e programa edicións especiais do Festival de Músicas Contemplativas e do Compostela Organum Festival, así como eventos para o resto do ano.



Visitar Santiago

Principais eventos mes a mes...

As datas corresponden ao ano 2011, pero se manteñen aproximadamente cada ano.

Xaneiro

Nadal

Festival Todo Lirica

!!!Recomendado!!!

Coincidindo co Nadal celébrase cada ano un festival que reúne aos principais intérpretes españois cun programa dedicado á zarzuela e outros xéneros como o musical e a opereta. Teatro Principal.

24 de decembro-6 de xaneiro

Nadal

Iluminación nas rúas e prazas, nacementos, festivais de corais, festivais infantís de teatro, cine e monicreques, salón do libro infantil e xuvenil, concertos especiais da Banda Municipal de Música... e moito máis. Toda a cidade.



5 de xaneiro

Cabalgata de Reis

Os Reis Meigos chegan á estación de tren acompañados por unha salva de bombas e percorren a cidade nas súas carrozas saudando a todos os nenos antes da noite dos agasallos. Toda a cidade.



Xaneiro-marzo

Ciclo Novos Intérpretes

Ciclo de música de cámara a cargo de novos intérpretes. Lugar: Paraninfo de Universidade (Facultade de Xeografía).

Febreiro

finais febreiro

Fórum Gastronómico Santiago

Próxima edición: 2012

!!!Recomendado!!!

O maior evento gastronómico sobre as coziñas do Atlántico repítese cada dous anos desde 2008. Mercado de Amio / toda a cidade. Ver pax. 54

Marzo

5-8 marzo

Entroido

Festa gastronómica e de disfraces. Tarde do Martes de Entroido: desfile de comparsas. Obrigatorio: os costumes gastronómicos ancestrais destas datas, marcadas pola abundancia e pola carne, en previsión da subseguinte abstinencia á que obriga o calendario relixioso. Toda a cidade.

Abril

Domingo 10 e luns 11 abril (Festa móbil)

Romaría de San Lázaro - Festa das Unllas

Romaría antiquísima baseada nunha poxa de mans de porco como ofrenda ao santo. Os pezuños cocíñanse despois acompañados 'bertóns' de col, receita exclusiva deste barrio. Celébrase sempre a fin de semana anterior ao Domingo de Ramos. Barrio de San Lázaro.

9-24 abril

Semana Santa

!!!Recomendado!!!

Máis dunha semana de actos: procesións, actos litúrxicos, concertos de música sacra e antiga, etc. Destacado: procesión dos Estudantes, que sae o Mércores Santo, e a do Noso Pai Xesús Flaxelado, ou dos 'Caladiños Descalzos', que sae o Xoves Santo - os confrades cargan pesadísimas cruces e arrastran cadeas cos pés espidos. Rúas e prazas cidade histórica e igrexas da cidade.



Semana Santa

Festival de Músicas

Contemplativas

!!!Recomendado!!!

Coincidindo coa Semana Santa, o festival do Consorcio de Santiago inclúe concertos gratuítos nas igrexas da cidade: música barroca, xudeoespañola, cantigas medievais e obras de distintas culturas e relixións. Igrexas da cidade histórica.



Mediados abril

Encontro Universitario de Danza Contemporánea

Encontro que mostra propostas coreográficas de varias universidades españolas e iberoamericanas. Igrexa da Universidade.

Mediados abril

Festival Internacional de Teatro Universitario

Reúne a compañías de teatro universitarias europeas e iberoamericanas, e é o único destas características que se celebra nas universidades españolas. Funcións: 21 h Salón Teatro.

Finais de abril-primeiros de maio

Feira do Libro

Feira anual que se desenvolve no parque máis señorial da cidade, onde se poden atopar a bo prezo publicacións moi variadas, incluíndo libros sobre Santiago e sobre Galicia. Arredor do libro desenvólvense ademais unha infinidade de actividades que varían cada día. Parque da Alameda.

Maio

Principios de maio

Compostela Máxica

Santiago convértese na capital mundial da maxia cunha semana dedicada ao ilusionismo e máis de 40 espectáculos de meigos do mundo. Funcións escolares, shows nas rúas e noites máxicas nos pubs. Varios escenarios.

13-29 maio

Concurso Santiago (é)Tapas,

!!!Recomendado!!!

Unha peregrinación gastronómica en busca da mellor tapa da cidade. Ver pax. 54

Maio

Festival Compostela Organum

!!!Recomendado!!!

Os órganos da Catedral e das igrexas monumentais soan en mans de recoñecidos intérpretes acompañados por formacións de cámara. Ciclo de primavera en maio, de verán en agosto e de outono en outubro. Cidade histórica.

Maio

Festival Internacional

Curtocircuíto !!!Recomendado!!!

O concurso exhibe e premia na súa semana oficial as curtametraxes das categorías 'Internacional', 'España', 'Galicia' e 'Explora'. O programa complétase co V Mercado Internacional de Curtametraxes, o concurso de guiños 'Compostela Plató', master classes, concertos e encontros, ademais de proxeccións nas rúas durante o verán. Teatro Principal e Salón Teatro.

Maio

Mostra de Teatro Universitario

Exhibición das obras de grupos teatrais universitarios de toda Galicia. Salón Teatro e Teatro Principal.



Xuño

1-5 xuño (Festa móbil)

Festas da Ascensión

!!!Recomendado!!!

As segundas máis importantes da cidade. Ademais de múltiples actos culturais e musicais celébrase a feira de gando máis importante do ano, que inclúe exhibición ecuestre. Durante estas festas é costume compostelán tomar polbo á feira nas casetas da carballeira de Santa Susana. Toda a cidade.

Principios xuño

Feira do Libro Antigo e de Ocasión

Exemplares de publicacións recentes a bo prezo, libros con décadas e ata séculos de antigüidade, documentos sobre Santiago e Galicia... Unha escusa para pasear na primavera por un dos mellores parques da cidade. Parque da Alameda.

2ª quincena xuño

Festa do Circo

Cita anual para os afeccionados ao Novo Circo, para compartir números breves (malabares, clown, acrobacia...), ensaiar colaboracións e celebrar a vitalidade das artes circenses xunto a invitados internacionais. Sala Nasa.

Xuño

Mercado Medieval

As rúas e prazas engalánanse con pendóns e convértense nun zoco con postos de época, pasarrúas, actuacións, xogos e espectáculos nocturnos. Cidade histórica. Noite 23 xuño



Noite de San Xoán

!!!Recomendado!!!

Noite máxica. Santiago énchese de fogueiras, as cacharelas, para escorrer os malos espíritos e as meigas. Cheira a lume, e a sardiñas, que se asan ao aire libre e con viño tinto e empanada. E música... Barrios da cidade.

Xullo

Xullo

Festival Via Stellae 'Festival de Música de Compostela e os seus Camiños' !!!Recomendado!!!

Festival de música antiga e barroca con máis de 30 concertos en Compostela, e 50 no Camiño de Santiago, a cargo de figuras internacionais de primeiro nivel. Renacemento e vangarda, ópera e música de cámara, obras de autores contemporáneos e actuacións europeas exclusivas para o festival. Varios auditorios e igrexas da cidade e o Camiño.

Xoves xullo-agosto

'CurtoCircuíto na Rúa'

!!!Recomendado!!!

Exhibición gratuita das curtometraxes concursantes e premiadas do Festival Internacional Curtocircuíto, precedida de sesións de DJ. Prazas da cidade histórica.



2ª quincena xullo. Día do Apóstolo Santiago: 25 xullo

FESTAS DO APÓSTOLO SANTIAGO

!!!Recomendado!!!

As máis importantes da cidade, dedicadas ao Apóstolo, patrón de Santiago, de Galicia, e de toda España. Conviven solemnidade relixiosa e oficial, sabor popular e animación, que converten a cidade durante 15 días nun gran festival, con actos de todo tipo: música, pasacalles, verbenas, exhibición de bailes e traxes rexionais de Galicia, etc. Os días 24, co espectáculo de fogos artificiais, o 25 -misa solemne con presenza da Casa Real, e tamén o día de Galicia, con actos que congregan a milleiros de cidadáns galegos na cidade-, e o 31, -máis fogos artificiais- son os días grandes. Declarada de Interese Turístico Internacional. Toda a cidade.

2ª quincena xullo

Compostela Festival -Músicas do Mundo

Música folk galega -celta- e do resto do mundo. Raíces e tradición, innovación e experimentación danse cita durante varios días, enchendo as noites de diversidade cultural. Rúas e prazas.



Noite 24 xullo

Espectáculo de fogos artificiais en honra do Apóstolo

!!!Recomendado!!!

Dentro de programa das festas do Apóstolo, impresionante espectáculo audiovisual e de fogos artificiais e láser, á vez que se queima o gran castelo de piroctenia que recrea a antiga fachada gótica da catedral. Visíbeis na propia praza do Obradoiro e en distintos puntos estratéxicos da cidade. Consultar.

Noite 31 xullo

Espectáculo de fogos artificiais fin de festa

Como peche do programa de festas do Apóstolo, realízase un grande espectáculo audiovisual e de fogos artificiais, semellante ao da noite do 24 pero sen queima da fachada gótica. Visíbeis na propia praza do Obradoiro e en distintos puntos estratéxicos da cidade. Consultar.



24 e 25 xullo

Festival

Celebración do Día da Patria Galega cun festival gratuito de música e tendencias que concentra en 48 horas concertos e outras actuacións. Campus Sur da Universidade de Santiago.

Xullo-setembro

Vive o Verán

Actividades lúdicas ao aire libre para sacar o máximo partido á cidade en verán. Cursiños de deportes, proxecións de cine, visitas culturais guiadas, rutas urbanas e rurais e moitas propostas para nenos. Organiza o Concello de Santiago. Toda a cidade.

Agosto

Xoves agosto

'CurtoCircuíto na Rúa'

!!!Recomendado!!!

Exhibición gratuita das curtometraxes concursantes e premiadas do Festival Internacional Curtocircuíto, precedida de sesións de DJ. Prazas da cidade histórica.



Agosto

Festival dos Abrazos

O festival propicia o diálogo creativo entre artistas de distintas culturas e disciplinas-música, teatro, circo, clown- nun cento de espectáculos ao aire libre. Cidade histórica e parques.

Principios de agosto

Curso Música en Compostela

Cita anual que se celebra dende 1957 e que forma en música española a intérpretes profesionais e estudantes de todo o mundo, que realizan concertos en espazos singulares, interiores e exteriores, da cidade histórica.

17-22 agosto

Festival Compostela Organum

Ciclo de verán. Ver maio.

Setembro

Setembro

Roteiro de Creación

!!!Recomendado!!!

Círculo aberto con libre acceso a obradoiros de gravadores, pintores, escultores, fotógrafos, serigrafas ou xoiros, para tomar contacto directo co mundo do artista. Inclúe exposicións colectivas, performances, realización de murais etc. Varios obradoiros e outros lugares.

Setembro-outubro

Ciclo de Lied !!!Recomendado!!!

Destacados cantantes de lied de todo o mundo ofrecen recitais xunto ao pianista e mentor do ciclo, Roger Vignoles, cunha temática central que varía cada ano e dá lugar a conferencias especializadas sobre o xénero. Teatro Principal.



Outubro

1ª semana outubro

Festival Internacional de Monicreques !!!Recomendado!!!

Titiriteiros de varios países mostran as súas singulares producións. Espectáculos infantís, representacións ao aire libre e pases en horario nocturno. E tamén mesas redondas, exposicións e obradoiros... todo un mundo ao redor das marionetas. Cidade histórica, Teatro Principal e outros.

2ª quincena outubro

Festival Internacional de Cine Euro-Árabe Amal

Mostra do audiovisual árabe-europeo. Amal en árabe significa esperanza. Teatro Principal e outras salas da cidade.

Outubro

Compostela Organum Festival

Ciclo de outono. Ver maio.

Finais outubro

Mostra de Cine Etnográfico

Ciclo audiovisual con documentais de interese antropológico. Museo do Pobo Galego.

Última semana outubro

Feira de Artes Escénicas de Galicia

A Feira de Artes Escénicas de Galicia celébrase en múltiples escenarios da cidade, e converte Santiago durante eses días nun foro das artes escénicas no que se dan cita representacións de diferentes estilos procedentes de diferentes puntos de Europa.

Novembro

Novembro

Magostos

Festa popular na que os veciños honran as castañas ao redor do lume -ásanse sobre unha chapa característica-. E ademais viño, chourizos caseiros, queimada... e folclore. Característico: ata que remata a colleita en febreiro, na cidade histórica hai pequenos postos ambulantes típicos que recrean en miniatura a locomotora Santa Fe, nos que se venden cucuruchos de castañas feitas a carbón, ao estilo tradicional. Barrios da cidade.

Todo novembro

Cineuropa !!!Recomendado!!!

Celébrase dende 1988 e dura todo o mes de novembro. Pensado exclusivamente para deleite do cinéfilo, pasa revista ao mellor cine non comercial da tempada. Unha cita imprescindible para comprobar o ambiente cultural da cidade. Teatro Principal e outros.

Decembro

Decembro - xaneiro

Festival Todo Lirica

!!!Recomendado!!!

Con motivo do Nadal celébrase cada ano un festival que reúne os principais intérpretes españois cun programa de clásicos dedicado á zarzuela e a outros xéneros como o musical e a opereta. Teatro Principal.

24 decembro-6 xaneiro

Nadal

Iluminación nas rúas e prazas, nacementos, festivais de corais, festivais infantís de teatro, cine e monicreques, salón do libro infantil e xuvenil, concertos especiais da Banda Municipal de Música... e moito máis. Toda a cidade.

Nadal

Patinaxe sobre xeo

A pista de patinaxe sobre xeo permanece aberta durante todo o período do Nadal, tamén polas noites. Recinto Feiral de Amio.



Primeira quincena decembro

Festival de Teatro Afeccionado

Agustín Magán

Compañías de teatro amateur de Galicia presentan ao público as súas propostas escénicas en espectáculos gratuítos. Teatro Principal.

Finais decembro-xaneiro

Mostra de Teatro Infantil de Nadal

Sesións de teatro e títeres para os pequenos, con compañías galegas e españolas. Salón Teatro.

Arredor do Nadal

Ordo Prophetarum

!!!Recomendado!!!

Nos últimos días do ano a Catedral acolle o 'Ordo Prophetarum', a procesión dos profetas, fiel ao drama litúrxico do século XII, representado coa reprodución dos instrumentos medievais e un importante elenco de actores e músicos. Catedral de Santiago.



Noite 31 decembro

Fin de Ano

Ceas-espectáculo en moitos restaurantes e hoteis. Festas especiais en pubs e discotecas. Orquestras nas prazas. E o tradicional chocolate con churros antes de ir durmir. Toda a cidade.

Os caudalosos ríos galegos, algúns a poucos minutos de Santiago, son perfectos para practicar rafting e todos os demais deportes de río: unha oportunidade para vivir unha aventura en contacto coa natureza e gozar a tope da verde paisaxe. (Ver provedores de turismo activo na páx. 87).

Paintball

Para os que gozan da acción e a competición, nos arredores de Santiago hai 1 campo de paintball con todos os servizos. (Ver provedores de paintball na páx. 87).

Voos en avioneta

Para gozar das mellores vistas da cidade e os arredores, nada mellor que un voo en avioneta. (Ver provedores de voos turísticos na páx. 87).

Mergullo

A só 45 minutos de Santiago, tanto os expertos como os non iniciados poden practicar mergullo e descubrir os tesouros das rías galegas: bautismos, cursos avanzados, inmersións nocturnas, etc. ademais de saídas en barco, kaiak de mar... (Ver provedores de mergullo na páx. 88).

Golf

Santiago ten un campo de 18 buratos, cunha impresionante zona verde e abundantes árbores e lagos. (Ver provedores de golf na páx. 88).

Bicis

En Santiago hai varios establecementos de aluguer de bicicletas, onde facilitan información sobre as mellores rutas pola cidade e os arredores. (Ver aluguer de bicis na páx. 89).

Máis sobre deportes e actividades ao aire libre no directorio 'Provedores actividades' (páx. 87) e en SantiagoTurismo.com. Para reservas SantiagoTurismo.com, tel: (+34) 902 190 160.



Visitar Santiago

Máis aló de Santiago

Dende Santiago é moi doado facer excursións dun día para coñecer distintos lugares de Galicia ou do norte de Portugal.

Situado no centro do territorio galego, Santiago de Compostela, como punto de partida, ofrece a posibilidade de achegarse en moi pouco tempo a outros lugares de interese da variada e fascinante xeografía de Galicia. É o caso de cidades como A Coruña, Ferrol, Lugo, Pontevedra ou Vigo, pero tamén de paraxes fermosas e accesíbeis: montes centenarios, verdes paisaxes de montaña, ríos, aldeas con encanto salpicadas de hórreos e cruceiros, pazos rurais e xardíns históricos, fortalezas, milleiros de igrexas, conventos e mosteiros, típicas vilas mariñeiras e acrópoles medievais, poboados prehistóricos e monumentos megalíticos. E, como non, a extensión de costa máis importante de España, composta polas famosas rías, as Baixas e as Altas, onde as montañas se converten en mar, e pola abrupta e mítica Costa da Morte.

Excursións organizadas

Rías Baixas-Salnés

Rías Baixas-Salnés

Esta excursión contornea a península do Salnés, entre as Rías Baixas de Arousa e Pontevedra. rías resgardadas, nas que medran os mellores mexillóns do mundo.

Percorrido: Pontevedra - Combarro - Sanxenxo - Portonovo - A Lanzada - O Grove - A Toxa - Cambados.

Inclúe: Travesía en catamarán pola ría de Arousa. Desprazamentos en autocares de luxo, con asentos especiais para nenos. Acompañamento dun guía. Tickets de entrada aos monumentos. Paradas libres para as comidas (a comida non está incluída).

Duración: Día completo.

Idiomas: Galego, español e inglés (outros idiomas baixo petición: consultar mínimo de pax).

Disponibilidade: Saídas regulares de xullo a setembro. Saídas especiais en Semana Santa e festivos longos.

Operador: Viages Viloria, ver pág. 87.

Prezo 2011: 45€ por persoa.

Reservas: On-line en www.SantiagoTurismo.com. Tel: (+34) 902 190 160.

Costa da Morte - Fisterra

Considerado o extremo máis occidental do continente, o cabo Fisterra marca o inicio da abrupta e fascinante Costa da Morte, terra de lendas ancestrais e de ecos de naufraxos que posúe unha beleza melancólica e salvaxe.



Percorrido: Muros - Carnota - Fisterra - Muxía.

Inclúe: Desprazamentos en autocares de luxo, con asentos especiais para nenos. Acompañamento dun guía. Paradas libres para as comidas (a comida non está incluída).

Duración: Día completo.

Idiomas: Galego, español e inglés (outros idiomas baixo petición: consultar mínimo de pax).

Disponibilidade: Saídas regulares de xullo a setembro. Saídas especiais en Semana Santa e festivos longos.

Prezo 2011: 40€ por persoa.

Operador: Viages Viloria, ver pág. 87.

Reservas: On-line en www.SantiagoTurismo.com. Tel: (+34) 902 190 160.



Excursións dun día

Todos os días da semana, excursións a Rías Baixas, Rías Altas, Fisterra, Ourense e Ribeira Sacra, e Vigo e Portugal.

Inclúe: Desprazamentos en autocares de luxo. Acompañamento dun guía. Comida.

Duración: Día completo.

Idiomas: Galego, español e inglés (outros idiomas baixo petición: consultar mínimo de pax).

Disponibilidade: Saídas regulares de xuño a outubro. Saídas especiais en Semana Santa e festivos longos.

Prezo 2011: 55€ por persoa.

Operador: Viages Atlántico, ver pág. 87.

Reservas: Tel: (+34) 981 585 899. Oficina Municipal de Turismo, con recargo de 5,50€ por reserva.

Excursións a medida

Excursións baixo petición:

Rías Baixas – Barbanza: paisaxes míticas

(excursión de 1 día, inclúe travesía en barco).

Rías Altas – Costa Ártabra: mares lendarias

(excursión de 1 día).

Rías Altas: A Coruña e Betanzos (excursión de 1 día).

Ribeira Sacra – Cañóns do Sil: os mares interiores (excursión de 1 día).

Portugal – Sur de Galicia (excursión de 1 día).

Lugo: cidade romana (excursión de 1 día).

Ourense e O Ribeiro: vilas medievais entre viñas (excursión de 1 día).

Camiño de Santiago (excursión de 1 día).

Tour gourmet (excursión de 1 día).

Xardíns e pazos históricos (excursión de medio día).

Padrón: a orixe da tradición xacobeá (excursión de medio día).

Provedores: Viages Viloria e Viages Atlántico, ver pág. 87.

Para grupos de ata 7 pax:

Os máis fermosos paisaxes das terras galegas en excursións para grupos de ata 7 persoas. Servizo a medida que inclúe un vehículo e conductor-guía oficial.

Rutas de medio día: Ría de Arousa, A Coruña, Península do Barbanza, Fisterra, Lugo.

Rutas de día completo: Rías Baixas, Costa da Morte ata Fisterra, A Coruña e Rías Altas, Ribeiro; Baiona, A Guarda e Tui, Ribeira Sacra.

Idiomas: Español e inglés.

Prezo 2011: Por ruta, independentemente do número de pasaxeiros.

Excursións de medio día: 210 €

Excursións de día completo: 340 €

Non inclúe comidas.

Operador: Art Natura, ver pág. 87.

Reservas: On-line en www.SantiagoTurismo.com

Pola nosa conta

Bus

Dende a estación de autobuses saen buses continuamente a distintos pobos e cidades de Galicia. As principais empresas e conexións son (máis info na pág. 10):

Empresa Freire

Principais destinos: Lugo, Aeroporto de Santiago.
www.empresafreire.com

Castromil - Monbus

Principais destinos: A Coruña, Vigo, Pontevedra, Ferrol, Vilagarcía de Arousa, Cambados, O Grove, A Toxa, Noia, Muros, Fisterra, Betanzos, Ferrol, Ourense.
www.monbus.es

Arriva

Principais destinos: Boiro, A Pobra do Caramiñal, Ribeira e Ferrol.
www.arriva.es

Hermanos Ferrín

Principais destinos: Negreira, Muxía.
Tel: (+34) 981 873 643.

Aucasa

Principais destinos: Laxe, Malpica, Carballo, Camariñas.
Tel: (+34) 981 588 881

Tren

Dende a estación saen cada hora trens para os principais destinos de Galicia: A Coruña, Vilagarcía de Arousa, Pontevedra e Vigo (con enlaces a Portugal). Tamén hai conexión directa continua coa cidade de Ourense. (Máis info na pág. 10).


Aluguer de coches

Alugar un coche sempre é unha moi boa opción para coñecer toda Galicia ao teu aire dende Santiago, e chegar a lugares recónditos onde non chegan os transportes públicos. (Ver Aluguer de vehículos na pág. 84)

Praias próximas

A só uns minutos da cidade hai refrescantes praias fluviais con todos os servizos. As praias de mar máis próximas, a pouco máis de 30 minutos, son as das rías: praias protexidas, de augas tranquilas. Ver:

www.SantiagoTurismo.com



Toda a información para coñecer Galicia dende Santiago en www.SantiagoTurismo.com



Cabo Fisterra



Lugo: Muralla Romana, Patrimonio da Humanidade



A Pobra do Caramiñal

Santiago temático



Santiago para familias

Santiago de Compostela garda pequenas e grandes sorpresas para os nenos e as súas familias: cómodos paseos en tren turístico, actividades nos museos, eventos e espectáculos especiais, unha chea de parques con xogos infantís ou excursións a lugares máxicos...

Descubrir Santiago ...	69
Museos para familias ...	70
Principais espectáculos e eventos infantís ...	70
Parques: a cidade verde ...	71
Comer fóra con nenos ...	71
Excursións: sitios para ir, cousas que facer ...	71
Gozar da auga: piscinas e praias, de río e de mar ...	72
Aloxamentos especiais para familias ...	72
Servizos para papás e mamás ...	72

Descubrir Santiago: un labirinto para explorar

Santiago de Compostela é pequena e bonita coma as cidades dos contos. Ademais é tranquila, segura e moi agradable para pasear.

A zona histórica é coma un labirinto con moitos segredos. Está chea de rúas estreitas, casiñas e soportais, e ten un pavimento de grandes pedras vellas coas que se pode xogar a non pisar as raias sen preocuparse polos coches, porque é toda peonil. Nas serenas prazas e praciñas hai moito espazo para xogar e cafetarias con terrazas ao aire libre. A Catedral, os antigos nomes das rúas, as gárgolas, as fontes... poden ser fascinantes para os pequenos se os adultos lles axudamos a descubrilas.

Tren Turístico

Ademais de ser moi cómodo, porque non hai que andar, o tren arrodea a cidade histórica pasando por parques e xardíns e por algúns dos barrios máis típicos da cidade.

Lugar: Praza do Obradoiro.

Horario: **T. alta (Semana Santa – outubro):** Todos os días, saída cada hora de 11 a 20 h. **T. media:** todos os días, saídas cada hora de 11-13 h, 16-19 h.

T. baixa: venres, sábados e domingos, saídas cada hora de 11-13 h, 16-18 h.

Duración: 1 h aprox.

Idiomas: explicacións a bordo en español e inglés.

Prezos: Adultos 5 €; Nenos de 0 a 3 anos gratis; Nenos de 4 a 12 anos 2,5 €; Grupos de máis de 20 persoas: prezos especiais (consultar).

Organiza: Turismo de Santiago

+ Info e Reservas: Tel: (+34) 902 190 160, www.SantiagoTurismo.com

Visita ás cubertas de pedra da Catedral

Ningún neno, nin grande nin pequeno, pode perdela: dende alí téñense as mellores panorámicas de Santiago e dá a sensación de estar nunha fortaleza, con portas, escaleiras, torres, ameas...

Lugar: entrada polo Pazo de Xelmírez, Praza do Obradoiro.

Horario: Todos os días, 10-14 h, 16-20 h. Saídas cada hora.

Duración: 1 h.

Prezos: 10 € xeral; 8 € terceira idade, estudantes e peregrinos.

+ Info e Reservas: Museo de la Catedral, tel: (+34) 981 552 985, cubiertascatedral@archicompostela.org

Non comisionable.



Santiago temático

Museos para familias: a cultura tamén pode ser divertida

Quen dixo que a cultura ten que ser seria e aburrida? Entre os trece museos cos que conta Santiago, seis son os que atraen indistintamente a grandes e pequenos.

Museo do Pobo Galego

Neste museo pódese aprender moito sobre os costumes de Galicia. Está cheo de obxectos e ferramentas moi interesantes e ten tamén embarcacións e curiosas maquetas das casas tradicionais galegas. Localizado nun antigo convento, no seu interior hai unha escaleira 'máxica', que é una obra de arte do Barroco. O MPG organiza actividades específicas para nenos e familias.

Lugar: Convento de San Domingos de Bonaval. San Domingos de Bonaval, s/n. e3

Horario: mar-sáb: 10-14 h, 16-20 h. Dom e festivos: 11-13 h. Luns pechado.

+ Info e Reservas: Museo do Pobo Galego, tel: (+34) 981 583 620,

www.museodopobo.es



CGAC-Centro Galego de Arte Contemporánea

No CGAC podedes coñecer a arte máis moderna e abstracta, nun edificio deseñado por Álvaro Siza, un dos mellores arquitectos do mundo. O seu Servizo Pedagóxico organiza visitas guiadas e talleres especiais para os nenos e as familias.

Lugar: Ramón Valle-Inclán, s/n. e3

Horario: Mar-dom: 11-20 h. Luns pechado. **Verán:** Mar-dom, 12-21 h. Luns pechado.

Entrada gratuíta

+ Info e Reservas: CGAC, tel: (+34) 981 546 619, www.cgac.org

Museo de Historia Natural Luis Iglesias

Os museos dedicados á natureza son moi visuais e sempre sorprendentes. Aquí encontraredes máis de 25.000 exemplares de fauna, flora e minerais que seguro que van chamar a atención dos pequenos biólogos.

Lugar: Facultade de Química. Avenida das Ciencias, s/n. c2

Horario: Lun-ven: 10-13 h, 17-19 h. Agosto: pechado.

Entrada gratuíta

+ Info e Reservas: Museo de Historia Natural Luis Iglesias (Universidade de Santiago de Compostela), tel:(+34) 981 563 100, www.usc.es/museohn

Museo-Fundación Eugenio Granell

Está situado nun antigo pazo e nel expóñense obras surrealistas, que poden ser moi divertidas para os pequenos. O seu departamento pedagóxico organiza ás veces actividades especiais para nenos.

Lugar: Praza do Toural, s/n. d3

Horario: Mar-sáb: 11-21 h; dom: 11-14 h. Luns e festivos pechado.

Prezos: 2 €; estudantes, 1 €; xubilados e menores de 15 gratis.

+ Info e Reservas: Museo-Fundación Eugenio Granell, tel: (+34) 981 572 124, www.fundacion-granell.org

Casa-Museo da Troia

Esta casa, que foi hai moitísimos anos unha das pensións de estudantes máis famosas de Santiago, é agora un museo moi indicado para curiosos: o mellor sitio para descubrir como se vivía no s. XIX en Santiago e como eran os cuartos, os baños, os mobles... todo está alí colocado coma nunha casinha de bonecas.

Lugar: Rúa da Troia, s/n. e2

Horario: Aberto de Semana Santa a finais de setembro. Mar-sab: 11-14 h, 16-20 h; dom: 11-14 h. Luns pechado.

Prezo: 2 €; estudantes 1 €.

+ Info e Reservas: Casa-Museo da Troia, tel: (+34) 981 585 159

Principais espectáculos e eventos infantís

Espectáculos

Teatro Infantil

Ao longo do ano en datas e horarios variables, o Salón Teatro ofrece obras para os máis pequenos. Salón Teatro.

Lugar: Rúa Nova, 34

+ Info e Reservas: Salón Teatro, tel: (+34) 981 581 111,

www.centrodrumatico.org/cdg/salonteatro

Concertos Familiares no Auditorio de Galicia

Varias veces ao ano (normalmente os sábados ás 18 h) realiza concertos familiares indicados para nenos de todas as idades. Tamén ten concertos didácticos destinados ás escolas nos que tamén poden participar familias (previa solicitude).

Lugar: Avenida do Burgo das Nacións, s/n

+ Info e Reservas: Auditorio de Galicia, tel: (+34) 981 552 290, www.auditoriodegalicia.org

Ciclo 'Escena en familia'

Teatro de monicreques para público infantil e familiar con compañías galegas e españolas. Todos os domingos ás 12.30 h Arteria Noroeste.

Lugar: Parque de Vista Alegre, s/n.

+ Info e Reservas: Arteria Noroeste, tel: (+34) 981 569 082.

'Os sábados, choiva de contos'

Todos os sábados ás 12 h, sesión de contacontos e obradoiros de animación á lectura para nenos de 4 a 12 anos. Gratuíto. Biblioteca Pública Ánxel Casal.

Lugar: Avenida de Xoán XXIII, s/n. Tel: (+34) 981 999 416.



Eventos destacados

Verán:

Ferradura Aberta. Actividades didácticas, recreativas e deportivas. Todas as tardes de luns a venres. Gratuíto.

Vive o Verán. Actividades lúdicas. Gratuíto.

Festival dos Abrazos. Espectáculos de rúa. Gratuíto.

Outono:

Festival Internacional de Monicreques. Gratuíto.

Nadal:

Nadalxogo. Programa lúdico e recreativo

Ciclo de Cine Infantil

Patínaxe sobre xeo

Festival de Nadal. Teatro infantil

Festival de Monicreques de Reis

Parques: a cidade verde

A maioría dos parques de Santiago ten carriolas, xogos infantís, zonas deportivas, moita sombra e fontes, pequenos ríos ou estanques. Suxerimos catro: Alameda-Campus Sur, Granxa do Xesto, Ramírez e Eugenio Granell.

Máis información sobre parques e xardíns recomendados para nenos en www.SantiagoTurismo.com



Comer fóra con nenos

Os nenos son ben recibidos nos restaurantes e as cafetarías da cidade. Moitos deles contan con menús infantís, aínda que quizais prefirades experimentar con algúns sabores galegos moi aptos para os padais dos pequenos gourmets, coma o delicioso queixo de tetilla. A web SantiagoTurismo.com recolle unha selección de establecementos para comer con nenos, clasificados en: comida galega, española e internacional; comida rápida e para levar; comida exótica e cafetarías. Algúns teñen menús infantís, outros son amplos e tranquilos, varios teñen agradables terrazas ao aire libre, algúns mesmo carriolas, e os hai que teñen un ambiente ou decoración que poden ser atractivos para eles...

Selección de restaurantes, bares e cafetarías para ir con nenos en SantiagoTurismo.com



Excursións: sitios para ir, cousas que facer

Preto de Santiago hai xardíns secretos, castelos de conto, pobos celtas, bosques encantados e pobos mariñeiros, museos interactivos... Propoñemos as seguintes excursións dende Santiago para facer en familia:

Xardíns secretos, sitios de conto

Comarca do Ulla: Pazos de Oca e Ribadulla, Pico Sacro, Mosteiro de Carboeiro, Fervenza do Toxa.

Medios de transporte: coche.

As riquezas do mar

Rías Baixas_Península del Salnés: Combarro, Sanxenxo, O Grove, A Toxa, Cambados.

Medios de transporte: excursións organizadas Compostela Visión (ver páx. 66) e coche.

Paisaxes salvaxes para descubrir

Rías Baixas_Península del Barbanza: Castro de Baroña, Dunas de Corrubedo, A Curota.

Medios de transporte: coche.



Museos para aprender xogando

A Coruña: Domus, Aquarium e Casa das Ciencias.

Medios de transporte: tren, autocar de liña e coche.

Unha viaxe á Idade Media

Castelo de Soutomaior

Medios de transporte: coche.

¿Imos en tren a Vigo?

Vigo.

Medios de transporte: tren.

Aprendendo da natureza

Galicia interior: Parque Eólico Experimental de Sotavento.

Medios de transporte: coche.

Os mares escondidos

Ribeira Sacra e Canóns do Sil.

Medios de transporte: excursións organizadas Compostela Visión (ver páx. 66) e coche.

Todas as excursións poden facerse contratando as excursións a medida para grupos de ata 7 persoas que inclúen transporte e chófer-guía.
+Info e Reservas: Central de Reservas Oficial de Santiago de Compostela (ver páx. 87).



Santiago temático

Gozar da auga: piscinas e praias, de río e de mar

Santiago ten varias piscinas, unhas cubertas e outras ao aire libre, para nadar, xogar e tomar o sol. Tamén hai varios spas e balnearios, que son relaxantes e divertidos á vez. Para gozar a tope da natureza, a poucos minutos da cidade hai refrescantes praias fluviais con todos os servizos. E ademais están as praias das rías, de augas tranquilas e area fina, que son perfectas para os cativos e están, as máis próximas, a só 30 minutos en coche. E, dende finais de maio a finais de setembro, preto de Santiago está o Aquapark de Cerceda, un parque acuático con tobogáns, piscinas, jacuzzis... moi facilmente accesíbel en tren: tren Santiago-A Coruña, con saídas cada hora aprox.

Máis información en www.SantiagoTurismo.com



Aloxamentos especiais para familias

As familias que visitan Santiago teñen varias posibilidades para aloxarse: ademais das grandes cadeas hoteleiras que son iguais que en calquera outra cidade, hai casas completas para familias, ou coquetos hoteliños con encanto na zona monumental, tan confortables que un se sente coma na casa. E están tamén os bungalós do cámping urbano, situado nun outeiro verde con vistas á cidade, e as casas de turismo rural dos arredores, para gozar da natureza nun ambiente moi familiar.

Máis información en www.SantiagoTurismo.com



Servizos para papás e mamás

Os parques infantís de interior están vixiados por coidadores, para que os nenos poidan divertirse seguros. E, no caso de que os pais precisen tempo libre, hai varias empresas que ofrecen servizo de canguros, que se poden solicitar directamente ou a través da recepción do hotel.

Parques infantís de interior

La Selva de Indiana Bill

Área de xogos no interior para nenos e nenas de 2 a 12 anos. Servizo de merendas para os nenos e cafetería para os pais.

Fernando III o Santo, 33. Zona Centro.

Tel: (+34) 981 597 722

Horario: 16.30 – 21 h.

Camelot Park

Para nenos de 1 a 12 anos, vixiado por monitores e situado no Centro Comercial Área Central, para poder facer compras con tranquilidade. Servizo de merendas.

Centro Comercial Área Central. Cidade.

Tel: (+34) 981 569 772

Horarios: 17 – 21.30 h.



Servizos de canguros

Skipy

Escultor Camilo Otero, 17, 2ª. Santiago.

Tel: (+34) 981 59 09 79 / (+34) 902 905 132

skipy@mundo-r.com

Arrumacos

García Prieto, 47. Santiago.

Tel: (+34) 981 534 029 / (+34) 676 796 942

Terapen

Choupana, 24. Santiago.

Tel: (+34) 981 534 138 / (+34) 615 336 813

Senior Santiago

Xeneral Pardiñas, 3 - 2º D. Santiago.

Tel: (+34) 981 591 019

www.seniorsantiago.com

Especial peregrinos

Santiago de Compostela xa recibía no século XII entre douscentos mil e cincocentos mil camiñantes anuais de toda Europa, que acreditan a súa longa experiencia na acollida dos peregrinos.

Aloxamentos especiais ... 74

Servizos relixiosos ... 75

Actividades para peregrinos ... 76

Destino dunha ruta milenaria

A partir do descubrimento do sepulcro do Apóstolo Santiago no s. IX os milagres e aparicións sucedéronse e proliferaron as lendas. Guiados pola Vía Láctea, o itinerario marcado no ceo, milleiros de peregrinos comezaron a chegar a Compostela dende afastados países de Europa. E así se foi trazando a rede de calzadas que formou o Camiño de Santiago, a cuxa beira se construíron igrexas e mosteiros, refuxios, albergues e hospitais, e creceron cidades e mercados.

Cos séculos Compostela converteuse en encrucillada da Cristiandade medieval.

Pola súa importancia na historia do continente, o Camiño de Santiago foi declarado polo Consello de Europa 'Primeiro Itinerario Cultural Europeo' e 'Patrimonio da Humanidade' pola UNESCO.

Hoxe coma onte, segue atraendo pola súa inxente riqueza. Ruta de espiritualidade, camiño de fe, de encontro e de hospitalidade, proba de superación persoal ou ruta artística e cultural, cada un atopa nel o que busca, e aínda máis. E ao chegar a Santiago, aos peregrinos agárdalles o 'xúbilo' e o merecido descanso.

Os Camiños Europeos a Santiago



Santiago temático

Aloxamentos especiais

Hotel Monumento Convento de San Francisco★★★★

Situado a 1 min a pé da Catedral, en plena cidade histórica, no Convento de San Francisco.

Campiño de San Francisco, 3. 15704 Santiago

Tel: (+34) 981 581 634

www.sanfranciscohm.com

+ Info e Reservas: Central de Reservas de Santiago de Compostela (ver pág. 5)



Hostal La Salle★

Na cidade histórica, a 250 m da Catedral. 105 cuartos dobres, triplos e individuais, todos con baño. Prezos especiais para grupos e para peregrinos con acreditación. Salón de actos, sala audiovisual, sala de reunións para grupos grandes (800 persoas) e grupos reducidos; capela. Comedor grande para 200 persoas e reducido para 50.

Tras de Santa Clara, s/n. 15704 Santiago.

Tel: (+34) 981 584 611 / (+34) 981 585 667, www.hostallasalle.com

+ Info e Reservas: Central de Reservas de Santiago de Compostela (ver pág. 8)



Mosterio de San Martiño Pinario - Seminario Maior ✨

Situado a carón da Catedral. Funciona coma hostel só de xullo a setembro. 126 cuartos, todos equipados co seu propio baño con ducha. Prezos especiais para grupos.

Praza da Inmaculada. 15705 Santiago

Reservas: Tel: (+34) 981 572 880



Hospedería do Mosterio de Clausura de San Paio de Antealtares

Situada no corazón da cidade histórica, a carón da Catedral. 2 cuartos individuais e 3 dobres. Hospedería feminina con horario monástico.

San Paio de Antealtares, s/n. 15705 Santiago.

Reservas: Tel: (+34) 981 583 127

Casa de Exercicios Espirituais

Situada no Campus Universitario Sur, ao lado da Facultade de Farmacia, a uns 10 minutos andando da Catedral. Cuartos con baño dobres e simples. Prezos especiais para grupos.

Avda. José María Suárez Núñez, 6. 15705 Santiago

Tel: (+34) 981 592 228. Fax: (+34) 981 592 894.

Centro Europeo de Peregrinación e Pastoral Xuvenil 'Xoán Paulo II'

Situado a 3 km do centro da cidade. Acolle grupos de peregrinos, encontros de mozos, exercicios e retiros espirituais, convivencias, congresos, etc. Dispón de comedor-cafetaría, salas de conferencias e reunións, auditorio ao aire libre, zona de camping e capela.

Rúa das Estrelas, 80. Monte do Gozo. 15890 Santiago

Tel: (+34) 981 597 222

www.centrodeperegrinacion.es

ceperegrinacion@alfaexpress.net

Albergue de Peregrinos Seminario Menor de Belvís

Entre 60 e 300 prazas, dependendo da época.

Cardenal Quiroga Palacios s/n

Tel: (+34) 881 031 768

www.albergueseminariomenor.com

info@albergueseminariomenor.com



Albergue Xuvenil e Albergue de Peregrinos Monte do Gozo

No Camiño de Santiago, a 5 km da cidade. 300 + 500 prazas. Gratuito.

Monte do Gozo. Santiago.

Tel: (+34) 981 558 942

www.montedogozo.com

comercial@montedogozo.com



Residencia de Peregrinos San Lázaro

Albergue público ao pé do Camiño, na zona do Palacio de Congresos (2 km do centro).

San Lázaro, s/n. Santiago

Tel: (+34) 981 571 488

Albergue Acuario

Albergue turístico preto do centro comercial Área Central. A 3 minutos en coche da cidade histórica.

Estocolmo, 2-b. As Fontiñas. 15707 Santiago

Tel: (+34) 981 575 438,

www.albergueacuaria.com

Santo Santiago

Albergue turístico no Camiño de Santiago. A 2 minutos en coche da cidade histórica.

Rúa do Valiño, 3. 15707 Santiago

Tel: (+34) 657 402 403,

www.elsantosantiago.com

elsantosantiago@gmail.com

Servizos religiosos

Servizos da Catedral de Santiago

Na Catedral, aberta de 7.30 a 21 horas, hai diariamente varios servizos religiosos, que se incrementan nos días festivos. Ás 12 celébrase todo o ano a **Misa do Peregrino**, que recibe este nome por estar especialmente destinada aos visitantes, que participan estreitamente no acto litúrxico: os sacerdotes acompañantes poden concelebrar, e saúdase expresamente aos grupos. O número de misas do Peregrino amplíase nos Anos Santos e con ocasión de festividades e celebracións especiais.

O **Botafumeiro**, (ver páx. 37) pode ser solicitado con antelación polos grupos.

A **Invocación ao Apóstolo** debe realizarse con antelación na Oficina do Peregrino.

A **Misa Coral** celébrase diariamente ás 9.30 h e para as **Misas Internacionais**, con párroco propio, a Catedral dispón de varias capelas. A **confesión**, que se realiza en diversas linguas previa petición, é permanente durante o tempo de apertura da Catedral.

A **Aperta á Figura do Apóstolo**, a **Visita ao Sepulcro** e ao **Pórtico da Gloria** poden realizarse no mesmo horario de apertura da Catedral, excepto durante a celebración dos actos litúrxicos.

A **Visita ás Cubertas** (ver páx. 37) e ao **Museo da Catedral** (ver páx. 38) pódese realizar todos os días de 10 a 14 e de 16 a 20 horas.

Contactos de interese

Catedral de Santiago de Compostela

Praza da Inmaculada, 1. 15705 Santiago de Compostela

Tel. Arcebispo: (+ 34) 981 572 300. Tel. Sancristía: (+34) 981 583 548

www.catedraldesantiago.es

Servizos Sancristía: Solicitude de concelebración durante a misa do peregrino. Solicitude de confesións en idiomas.

Oficina de Acolida de Peregrinos

Rúa do Vilar, 1. 15705 Santiago de Compostela

Tel: (+ 34) 981 568 846 (9-21 h)

oficina.peregrinos@planalfa.es

www.archicompostela.org/Peregrinos

Servizos: Expedición da Compostela, certificado acreditativo da realización do Camiño. Información ao peregrino. Solicitude de misas con Botafumeiro.

Solicitude de Invocación ao Apóstolo. Solicitude de saúdo aos grupos durante a misa. Solicitude de capelas catedralicias para misas internacionais.



Recomendados:

A Capela da Comunión e a Corticela: ambas na Catedral, son templos tranquilos e axeitados para a oración e a reflexión.

As misas cantadas das monxas de clausura, en calquera dos 5 conventos de clausura da cidade.

Camiño de Santiago - Kumano Kodo

Rutas de Peregrinación Patrimonio da Humanidade

O Camiño de Santiago a Santiago de Compostela e o Camiño de Kumano en Kumano (Xapón) son rutas de peregrinación recoñecidas como Patrimonio da Humanidad pola UNESCO.

Redes de antigos camiños conducen a Tanabe do Gran Santuario Kumano Hongu Taisha e á Cidade Santa de Santiago de Compostela. Ambas rutas orixináronse no s. X. Por elas camiñaron millóns de peregrinos a través do tempo.



Aínda que Kumano está situado no **lonxano oriente de Asia** e Santiago de Compostela no **lonxano occidente de Europa**, ambos camiños comparten unha historia común de **espiritualidade**.

Desde o ano 2008, Tanabe e Santiago de Compostela levan a cabo un proxecto de promoción conxunta entre as terras do Sol Nacente e do Sol Poñente..

+ info: www.spititual-pilgrimages.com

Santiago temático

Actividades para peregrinos

Camiño de Santiago a pé ¡¡¡Imprescindible!!! ✱✱✱■

Facer o Camiño de Santiago andando é unha oportunidade única para vivir unha experiencia inesquecible, gozar da natureza e o patrimonio, coñecer xente e superarse e conseguir a 'Compostela', o documento en latín emitido pola Igrexa de Santiago que acredita a súa realización. O touroperador oficial de Santiago, organiza paquetes para facelo a pé con toda comodidade: reservas de aloxamentos, guía acompañante, autocar de apoio, comidas e cenas, etc.

Calendario de saídas dispoñible en SantiagoTurismo.com



Camiño de Santiago en bici ✱✱✱■

Facer o Camiño de Santiago pedaleando é unha oportunidade única para vivir unha experiencia inesquecible, gozar da natureza e o patrimonio, coñecer xente e superarse e conseguir a 'Compostela', o documento en latín emitido pola Igrexa de Santiago que acredita a súa realización. O touroperador oficial de Santiago, organiza paquetes que inclúen o aloxamento en hoteis de 3*, manutención, guía acompañante, autocar de apoio para levar a equipaxe e traslados ao aloxamento ao rematar a etapa e unha cómoda bicicleta...

Calendario de saídas dispoñible en SantiagoTurismo.com



Aluguer de Bicis para facer o Camiño ✱✱✱■

Préstamo de bicis para facer o Camiño de Santiago con toda comodidade e non ter que preocuparse de mandala de volta a casa unha vez rematada a ruta ciclista: a bicicleta envíase ao lugar de comezo elixido (só territorio español) para iniciar o Camiño, e devólvese en Santiago ao chegar (ver páx. 89).



Envío de bicis de volta a casa ✱✱✱■

Con este servizo podes enviar comodamente a túa bicicleta de volta a casa unha vez finalizado o Camiño de Santiago. O prazo de entrega é de 48 horas (ver páx. 89).



Excursión a Fisterra ✱✱✱■

Fisterra, Finisterre, a fin do mundo para os romanos, é o final de moitos camiños, incluído o de Santiago. Ata aquí prolóngase a viaxe para cumprir os últimos ritos da peregrinación xacobeá chegando ata o lugar onde se pon o sol, para volver a nacer, símbolo da renovación da vida (ver provedores de Excursións Organizadas na páx. 87 e autobuses a Fisterra na páx. 10).



Balnearios e Spas ✱✱✱■

Despois do Camiño, nada mellor para relaxarse e purificar o corpo que unha sesión de balneario ou spa. Máis información na páx. 87 e tamén en www.SantiagoTurismo.com.



Reservas on-line: Central de Reservas en www.SantiagoTurismo.com

Turismo Creativo

A sociedade actual, máis aló das visitas turísticas convencionais, decántase por produtos turísticos experienciais: é o chamado Turismo Creativo.

O turismo creativo é aquel que ofrece aos visitantes a oportunidade de desenvolver o seu potencial creativo mediante a participación activa en visitas, cursos e experiencias formativas características do destino turístico elixido.

Turismo de Santiago axuda a realizar proxectos artísticos en Santiago de Compostela: encontrar un espazo adecuado para un concerto, unha exposición, facilitar un encontro con corais da localidade, coñecer artistas e artesáns locais, compartir un obradoiro, aprender ou perfeccionar unha técnica artística... O turismo creativo abre todo un universo de posibilidades.


Apoio a eventos creativos

Turismo de Santiago ofrece os seguintes servizos:

1. asesoramento na busca de espazos para a realización de eventos creativos;
2. contacto con institucións e artistas locais, entidades culturais, profesionais de distintos sectores, etc.;
3. información turística dos distintos aspectos da cidade en distintos soportes;
4. difusión e promoción dos seus eventos;
5. a través da súa Central de Reservas, facilita a xestión de aloxamento, os traslados, restaurantes para grupos e a elaboración do programa social (visitas guiadas, excursións organizadas, catas, obradoiros...).

Que ofrece Santiago de Compostela ao turismo creativo?

Santiago de Compostela destaca polo seu inxente e evocador patrimonio monumental: ademais da Catedral, a cidade conta no seu casco histórico con numerosos monumentos de diferentes épocas (Románico, Gótico, Renacemento, Barroco, Neoclásico...) entre os que destacan as igrexas monumentais, algunhas mesmo desacralizadas, e os claustros de conventos e mosteiros. A súa beleza, singularidade e características acústicas, así como a correspondencia con diferentes períodos históricos, fan deles un marco perfecto para a realización de concertos de música clásica e sacra, canto coral, e tamén exposicións, conferencias, obradoiros temáticos, etc.



Santiago temático

Algunhas experiencias de turismo creativo en Santiago de Compostela

Festivais de Música Clásica, Música Sacra, Canto Coral, etc.

Organizados por axencias de viaxes especializadas co asesoramento de Turismo de Santiago e a gestión de paquetes combinados a través da Central de Reservas oficial: Festival Internacional de Canto Coral Sea Pictures (2007) ou o Festival Road to Paradise de música relixiosa (2008), etc.

Visitas Guiadas a Obradoiros de Artistas Locais

A visita brinda a oportunidade de coñecer e interactuar cos creadores composteláns nos seus propios obradoiros, participando activamente. Ver páx. 42.



Visitas Guiadas a Oficios Artesáns

Para descubrir de primeira man o bo facer dos nosos artesáns e a calidade dos oficios ancestrais de Compostela (pratería e acibechería, coiro, pasamanería tradicional...), combinándoo con explicacións sobre a historia da cidade. Ver páx. 42.

Fórum Gastronómico

Cociñeiros de primeiro nivel mundial concéntranse bienalmente en Santiago para ofrecer obradoiros de formación, show cookings e grandes ponencias para todos os públicos, sumado a múltiples actividades 'gastro-creativas' por toda a cidade. Ver páx. 54.



Obradoiros gastronómicos para adultos 'Merco e cociño con...'

Acompañados dun guía-cociñeiro de primeira fila, os participantes realizan a compra no tradicional Mercado de Abastos para, a continuación, cociñar os produtos adquiridos e finalizar coa degustación dos pratos elaborados.

Obradoiros gastronómicos para nenos

Obradoiros de cociña para os máis pequenos: espazos lúdicos e participativos nos que os rapaces elaboran pratos e pinchos, con especial atención aos ingredientes típicos de Galicia.



Catas e degustacións creativas

A unión perfecta entre patrimonio e gastronomía. Catas comentadas que combinan a degustación das mellores bebidas galegas e as máis afamadas viandas de Galicia, que se desenvolven en espazos monumentais da cidade.

Ceas a cegas

Os comensais degustan, cos ollos vendados, un menú sorpresa baseado nos produtos de Galicia. Esta aventura gustativa permite redescubrir o sentido do sabor e interactuar co resto de comensais dun modo diferente.



Outros eventos creativos realizados en Santiago:

Roteiro de Creación

Unha iniciativa innovadora: durante unha semana Santiago convértese nun circuito con libre acceso do público a diferentes obradoiros de creadores e lugares de difusión da creación contemporánea, promovendo un encontro directo coa creación. Ver páx. 52.

Música en Compostela

Encontro internacional de músicos que se celebra cada ano desde 1957 e que forma en música española a intérpretes profesionais e amateurs de todo o mundo. Os concertos desenvólvense en espazos singulares como o Hostal dos Reis Católicos, igrexa de Antealtares, etc. Ver páx. 51.

Mercado Atlántico de Creación Contemporánea, MACC

Exposicións, obradoiros, conferencias, talk shows, pecha kucha, gastronomía e moito máis, con artistas chegados de toda España e expertos internacionais dispostos a construír un novo modelo cultural para os novos escenarios sociais.

Dinos que buscas e axudámosche a organizar un evento creativo adaptado ás túas necesidades. .

Máis información: www.SantiagoTurismo.com
productos@santiagoturismo.com

Congresos e reunións

Santiago, Capital de Congresos. Ademais dos seus privilexiados escenarios monumentais, Santiago de Compostela conta cunha intensa actividade congresual e un gran abano de infraestruturas especialmente orientadas á atención do turismo de congresos, convencións e incentivos.

Santiago de Compostela Convention Bureau

O Santiago de Compostela Convention Bureau (SCCB) é un servizo municipal, pertencente a Turismo de Santiago, que ten como principal obxectivo a promoción e difusión de Santiago de Compostela como destino turístico de congresos, convencións, incentivos e eventos.

Servizo de apoio exclusivo

O noso servizo exclusivo de apoio a organizadores de eventos está especificamente deseñado para axudarlle na organización dos mesmos. Garante a perfecta planificación e desenvolvemento do seu evento e de toda súa estancia en Santiago de Compostela.

Fale con nós e sáquelle o máximo partido á nosa cidade. Podemos dende procurar o espazo perfecto para o seu evento hasta atopar o aloxamento ideal.

Os nosos servizos inclúen:

- Procura de espazos para conferencias, reunións, presentacións, ceas, cócteles, ..
- Planificación do programa de ocio complementario – itinerarios, visitas, programas de incentivo
- Procura e cotización de aloxamentos, restauración e outros servizos
- Integración do motor de reservas na páxina web do evento, con pasarela de pago: inscrición, hoteis, actividades, axenda cultural, transporte, etc
- Apoio a candidaturas e presentacións oficiais do destino: preparación de candidaturas de congresos con información completa do destino e dossier personalizado.
- Servizo integral de secretaría técnica para congresos
- Interlocución entre a empresa organizadora dun evento e as empresas proveedoras locais, especializadas no sector.
- Coordinación con autoridades municipais para a utilización de edificios municipais de tradición histórica e monumental, o ben usos especiais de espazos públicos.

Ademais, e como complemento aos nosos servizos básicos, o noso servizo de apoio exclusivo pode proporcionar aos organizadores un amplo abano de ferramentas promocionais e de marketing:

- Información turística (planos, folletos, guía cultural..).
- Imáxenes e material audiovisual.
- Apoio na difusión do evento.

Programas especiais de incentivo e lecer ¡¡¡Novo!!!

Ceas- espectáculo

‘Merco e cociño con’ – obradoiro de compra e cociña con destacados chefs galegos

Catas de viño con maridaxe de produtos galegos

Marisqueo

Concertos en igrexas

Camiño de Santiago en bicicleta o a cabalo

Camiño de Santiago teatralizado

Turismo activo (kite surf, rafting, rutas en pirauga pola ría...)

Raid multiaventura

E moitas opcións máis...

Para información detallada e reservas, por favor consulte co Convention Bureau:

sccb@santiagoturismo.com



Santiago de Compostela
CONVENTION BUREAU

Santiago de Compostela Convention Bureau

Rúa do Vilar, 68, 1º

15705 Santiago de Compostela

Tel: (+34) 981 554 870

Fax: (+34) 981 554 128

sccb@santiagoturismo.com

www.SantiagoTurismo.com



Santiago temático

Principais recursos para a celebración de eventos en Santiago de Compostela

Capacidade hoteleira		
Categoría	Número de establecementos	Número de prazas
5*	4	865
4*	13	2485
3*	18	1242
TOTAL capacidade hoteleira	69	5896
TOTAL capacidade aloxativa		8284

Salas de reunión en hoteis	
	Capacidade
5 estrelas	2.972
4 estrelas	6.857
3 estrelas	2.051
Establecementos de Turismo Rural	199
Total capacidade	12.079

Salas de reunións e salas multifunción

Principais salas para a celebración de eventos		
	Capacidade	Próxima apertura
Palacio de Congresos de Galicia	2.740	
Auditorios	1.657	
Multiusos Fontes do Sar	5.000	
Cidade da Cultura de Galicia	120	296
Salas en espazos singulares	2.278	
Salas en fundacións culturais	310	800
Total capacidade	12.105	13.201

Cidade da Cultura de Galicia

A Cidade da Cultura de Galicia ofrece espazos adecuados para a organización de congresos, seminarios, cursos ou presentacións. A Biblioteca e o Arquivo de Galicia, e en breve o Museo e maillo edificio de Servizos Centrais, contan con auditorios, salas de conferencias, zonas de reunións ou áreas expositivas de diferente capacidade. Os espazos exteriores, como a praza da Biblioteca ou os soportais do Arquivo de Galicia, ofrecen un entorno excepcional para multitude de actividades artísticas coa beleza desta obra maestra da arquitectura contemporánea. Ver páx. 40.

Información e reservas: www.cidadedacultura.es

comunicacion@cidadedacultura.org

Tel: (+34) 881 997 565 - de 9 a 14.30 h.

Oferta actual

Biblioteca de Galicia - Salón de actos

Capacidade

120

Oferta extra para mediados de 2011

Edificio de Servizos Centrais: Sala 1

Capacidade

108

Edificio de Servizos Centrais: Sala 2

188

3 razóns para elixir a nosa Central de Reservas

1. Baseada na localidade

Nos vivimos, traballamos e gozamos Santiago cada día. O noso profundo coñecemento do terreo, e de toda a oferta de actividades e servizos turísticos dispoñibles, garante a perfecta planificación e desenvolvemento do seu evento.

2. Responsabilidade social corporativa e sustentabilidade

Ao usar a Central de Reservas vostede beneficia á comunidade. Toda a actividade desenvólta pola nosa Central de Reservas retorna directamente á localidade: os fondos invírtense na mellora da promoción, servizos e produtos de Santiago, o que contribúe a ampliar as oportunidades da comunidade.

3. A máis ampla e mellor selección de actividades e servizos

Ningunha outra central de reservas pode ofrecerlle tanto: a nosa Central de Reservas xestiona directamente o 95% dos aloxamentos e actividades dispoñibles no destino.



Sedes especiais para a celebración de eventos

